



Concello do Porriño

BASES DO I CONCURSO DE SOBREMESAS DE NADAL DO CONCELLO DO PORRIÑO

A Concellería de Comercio do Concello do Porriño convoca o I Concurso de Sobremesas de Nadal.

As presentes bases rexerán a participación e concesión de premios para as persoas do Porriño que se presenten ao I Concurso de Sobremesas de Nadal.

1. OBXECTIVO

Recuperar a realización de sobremesas caseiras típicas do Nadal, un concurso no que os/as amantes da cociña e a repostaría poden mostrar as súas mellores creacións, inspiradas nunha das épocas do ano na que as receitas doces adquiren un especial protagonismo.

2. TEMÁTICA

As sobremesas que se presenten deberán estar relacionados co Nadal, xa sexa polos ingredientes empregados ou a través da súa presentación.

3. CONDICIÓNNS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas aquelas persoas interesadas e que cumpran os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade no momento de realizar a inscrición de participación.
- Só poderán participar persoas que non sexan profesionais desta materia.
- Os doces presentados deberán estar relacionados co Nadal (polos seus ingredientes, pola súa presentación...).
- Os doces presentaranse xa elaborados da casa e deberán ser consumibles de forma individual e para un mínimo de 10 comensais.
- Cada persoa concursante poderá presentar un máximo de dúas sobremesas.

4. INSCRICIÓNNS

Todas as persoas interesadas en participar neste concurso poderán formalizar a súa inscrición mediante o envío do impreso normalizado para esta finalidade ao seguinte correo electrónico:

registro@oporrino.org

O prazo de inscrición será **dende o 12 de decembro ata o 21 de decembro**, ambos os dous incluídos.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79



Cod. Validación: 6QG2HL66NR6A4HP2747DA4KHL | Corrección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Porriño

5. PREMIOS

A contía dos premios será a indicada a continuación:

- Primeiro premio: 250 € en metálico.
- Segundo premio: 150 € en metálico.
- Terceiro premio: 100 € en metálico.

6. PRESENTACIÓN DE SOBREMESAS

As sobremesas presentaranse listas para degustar, en perfectas condicións de consumo e en bandexa desbotable o **día 23 de decembro de 2022, ás 12:00 horas na praza do Concello do Porriño.**

No momento da recepción da sobremesa seralle entregado un sobre á persoa participante, co que se lle asignará un número. Neste sobre deberán introducir a receita cos ingredientes utilizados e a forma de elaboración. O xurado soamente coñecerá o número e non a identidade do/a participante (que non será desvelada ata a asignación dos premios).

7. XURADO

O xurado estará composto por un comité de observación formado por:

- o Unha persoa representante do Concello do Porriño.
- o Unha persoa representante de Ahaspor.
- o Unha persoa representante de Acipor.
- o Unha persoa representante da asociación de panadeiros.
- o Unha persoa representante da asociación de empresarios.

Valorarase o sabor, a elaboración, a complexidade da receita, os ingredientes utilizados, a orixinalidade e a creatividade da presentación.

8. CESIÓN DAS RECEITAS E USO DA IMAXE

O concello resérvase o dereito de realizar a publicación non lucrativa tanto da imaxe como das recetas de calquera dos produtos recibidos, facendo mención expresa á persoa que o realizou.

9. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a total aceptación das presentes bases e o incumprimento de calquera das cláusulas dará lugar á perda do dereito de optar aos premios de participación.

As presentes bases expóranse no Taboleiro de Anuncios do Concello do Porriño, na páxina web, nun dos periódicos de maior circulación do municipio e nas redes sociais desta Administración.

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79



Cod. Validación: 6QG2HLG6NR6A4HP2747DA4KHL | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Porriño

Documento asinado dixitalmente á marxe.



Cod. Validación: 6QGZHLG6NR6A4HP2747DA4KHL | Conexión: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

Concello do Porriño

r/ Antonio Palacios, 1 O Porriño 36400 (Pontevedra). Tfno.: 986 33 50 00 Fax: 986 33 05 79